

## ***Programa de incentivos á contratación por conta allea das persoas desempregadas paradas de longa duración***

### *Finalidade*

Convocatoria das subvencións establecidas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para o ano 2019, coa finalidade de favorecer o emprego estable e facilitar a inserción laboral dos parados e paradas de longa duración que presentan desvantaxes e dificultades particulares para permanecer en no mercado de traballo.

### *Entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias dos incentivos as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten persoas desempregadas de longa duración por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia.

### *Tipos de axuda*

- a) **Bono de contratación:** subvención para a contratación indefinida inicial e a temporal cunha duración mínima inicial de doce meses das persoas desempregadas de longa duración (aquela que na data da súa contratación por conta allea estea sen traballo e acredite un período de inscrición como desempregada no Servizo Público de Emprego de, polo menos, doce meses durante os dezoito meses anteriores á súa contratación) .
- b) **Bono de formación** (opcional): dirixido ás persoas contratadas por medio desta orde, para levar a cabo accións formativas que melloren os seus coñecementos e habilidades relacionados co posto de traballo.

### *Prazo de presentación de solicitudes*

1. O prazo xeral para a presentación das solicitudes das axudas establecidas nesta orde comezará o día seguinte ao da súa publicación.
2. As solicitudes de axudas polas contratacións por conta allea subvencionables realizadas entre o 16 de outubro de 2018 e a data da publicación desta orde (20/03/2019) deberán presentarse no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde (21/03/2019)

As axudas previstas polas contratacións subvencionables realizadas desde a entrada en vigor desta orde (21/03/2019) deberán solicitarse ata o último día do segundo mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral indefinida ou temporal pola cal se solicita subvención.

As solicitudes dos bonos de contratación e formación deberán presentarse no prazo dun mes desde a data de formalización do contrato.

3. O prazo para a presentación das solicitudes de axudas rematará o **30 de setembro de 2019**, aínda que nesa data non transcorrese o prazo sinalado nos parágrafos anteriores.

Para máis información:

- Diario Oficial de Galicia:  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190320/AnuncioG0424-060319-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190320/AnuncioG0424-060319-0002_gl.html)
- Ou no Servizo de Orientación Laboral

Rúa da Capela nº 13 1º (Serra de Outes)

Tel.: 981 851 094

Atención ao público: Mércores, xoves e venres de 08:00 a 15:00 h